

REGULAMENTO DO REXISTRO MUNICIPAL DE PARELLAS DE FEITO

Artigo 1º.- Obxeto

Crease o Rexistro de Parellas de Feito do Concello de Bóveda, que terá carácter administrativo, e rexeráse polo presente regulamento, incluídos os seus anexos e demais disposicións que se poidan dictar para o seu desenvolvemento.

Artigo 2º.- Ámbito Terán acceso a este Rexistro as unións non matrimoniais de convivencia estable entre parellas, incluídas as do mesmo sexo. Os membros da parella deberán estar empadroados no Concello de Bóveda

Artigo 3º.- Declaracións e actos inscribíbles

1- As declaracións de constitución, modificación e extinción das parellas de feito.

2 - Os contratos reguladores das relacións personais e patrimoniais dos seus membros.

3 - A extinción da unión, que poderáse practicar a instancia dun dos dous membros, sen necesidade do consentemento conxunto.

4 - A inscrición neste Rexistro ten en todo caso carácter voluntario, non podendo aplicarse ningunha inscrición de oficio pola Administración.

Artigo 4º.-Requisitos

4.1 - As inscricións realizaranse previa solicitude conxunta dos membros que constitúen a unión de feito, consonte o modelo existente ó dispor dos interesados nas oficinas municipais, acompañado da documentación acreditativa dos seguintes requisitos:

a) Ser maior de idade ou menor emancipado b) Non ter relación de parentesco por consanguinidade ou adopción en liña recta ou liña colateral de segundo grao.

c) Non estar ligados por vínculo matrimonial

d) Non estar inscrito como membro doutra unión de feito non cancelada.

e) Te-la residencia habitual e figurar empadroado no Concello de Bóveda

4.2 - Extinción -Serán causas xustificativas da extinción das unións e

cancelación da inscricións, as seguintes:

- a) Mutuo acordo
- b) Vontade unilateral dun dos membros da parella previa audiencia do outro.
- c) A morte ou declaración de falecemento dalgún dos seus membros.
- d) Matrimonio dalgún dos seus membros

As inscricións que fagan referencia a extinción da unión de feito poderánse efectuar a instancia dun dos compoñentes da mesma.

Artigo 5º.- Efectos

A inscrición no rexistro de parellas de feito acreditará a constitución e extinción das unións de feito, así como dos contratos reguladores das relacións persoais e patrimoniais, sen prexuízo de proba en contrario.

Artigo 6º.- Órgano competente

A Alcaldía será o órgano competente para resolver sobre calquera tipo de inscrición que se pretenda efectuar no rexistro, así como para a regulación do acceso, rectificación, e cancelación dos datos cando proceda.

As resolucións que se dicten relativas á inscrición, modificación ou extinción, así como as de inscricións de actos complementarios, adoitaranse no prazo máximo de un mes, transcorrido o cal sen que se dictase, entenderase desestimada por silencio administrativo.

Artigo 7º.- Publicidade O Libro rexistro municipal de parellas de feito non ten carácter público, agás as certificacións que se expidan.

As certificacións farán referencia exclusivamente ós datos que consten no Rexistro de Parellas de Feito e serán expedidas polo Secretario do Concello co visto e prace do Sr./a Alcalde/sa, previa solicitude por escrito de calquera dos membros da unión ou a petición dos xuíces e tribunais de xustiza.

As inscricións que se practiquen e as certificacións que se expidan, será gratuítas.

Artigo 8º.- Procedemento

8.1.- Ás solicitudes de inscrición presentaránse no modelo oficial, facilitado nas dependencias municipais, asinado por ambos dous membros da unión mediante comparecencia persoal e conxunta diante do funcionario encargado do rexistro, acompañada da fotocopia do documento nacional de identidade e a

documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos sinalados no artigo 4º deste Regulamento, que será comprobada polos Servizos Municipais.

8.2.- Unha vez comprobado polos servizos municipais que a instancia e documentación presentada se axusta ó disposto neste regulamento, procederáse á asentar no rexistro de entrada a solicitude, aperturándose un expediente xeral no que figurará o conxunto de documentos relativas á mesma e os posteriores actos relativos á parella de feito.

8.3 Cumprido-los requisitos establecidos, dictaráse a correspondente da Alcaldía dispoñendo a inscrición solicitada no Libro de Rexistro, ou, no seu caso, a denegación motivada, notificándose en legal forma ós interesados.

8.4 A inscrición material dos contratos reguladores das relacións persoais e patrimoniais realizaranse no Libro Rexistro en extracto, facendo referencia ó expediente administrativo, e incorporando ó expediente unha copia dilixenciada en todas as súas follas polo encargado do Rexistro de Parellas de Feito do Concello de Bóveda.

8.5 No caso de que inscrición destes contratos fora posterior ó acto de inscrición da parella de feito, solicitaráse por escrito e coa comparecencia persoal dos dous membros da mesma.

Artigo 9 .- Organización do Rexistro

9.1 - O Rexistro de Parellas de Feito adscribese á Secretaría Xeral do Concello.

9.2 -O Rexistro de Parellas de Feito do Concello de Bóveda o conforma o Libro de Rexistro de Parellas de Feito e os expedientes administrativos.

9.3 - O Libro de Rexistro de Parellas de Feito, formado por follas numeradas e seladas, legalizado coa sinatura do secretario municipal, cumprimentarase coa elaboración dos sucesivos asentamentos, nos que se reflexaran os seguintes extremos:

- a) Datos identificativos dos membros integrantes da unión.
- b) Domicilio de convivencia.
- c) A transcripción en extracto dos contratos civís reguladores das relacións persoais e

patrimoniais das parellas de feito.

- d) Calquera modificación posterior dos datos inscritos.
- e) Data e causas da extinción
- f) Outros feitos ou circunstancias relevantes que afecten á unión da parella.

9.4 - O libro Rexistro poderá levar en soporte informático, en soporte papel, e neste derradeiro suposto, poderá tamén materializar mediante follas móbiles, debidamente foliadas e numeradas, cos mesmos requisitos que os libros de actas municipais.

Disposición derradeira

Unha vez aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación, o presente regulamento entrará en vigor o día seguinte da publicación do seu texto íntegro no Boletín Oficial da provincia de Lugo, e unha vez transcorrido o prazo previsto no artigo 65 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local

Anexo I

Solicitud de Inscripción

SOLICITUDE DE INSCRICIÓN NO REXISTRO DE UNIONS DE FEITO SR./A ALCALDE/SA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE BÓVEDA

-Don/a _____, con D.N.I. nº.: _____ e

Don/a _____, con D.N.I. nº.: _____,

_____ ,

ambos, maiores de idade, veciños do termo municipal de Bóveda e con enderezo en

--

EXPONEN:

Que desexan realiza-la inscrición no Rexistro de Unións de Feito do Concello de Bóveda, e para iso,

DECLARAN:

1º.- Existe unha unión de convivencia non matrimonial, estando empadroados no domicilio seguinte:

2º.- Non existe vínculo matrimonial

3º.-Non existe inscrición ningunha na que conste como membro doutra unión matrimonial non cancelada,

4º. -Non existe declaración de incapacitación por resolución xudicial.

5º.-Non existe relación de parentesco por consanguinidade ou adopción en liña recta.

6º.-Non existe relación de parentesco colateral por consanguinidade ou adopción ata o segundo grado.

Por todo o exposto, SOLICITAN.

A inscrición no Rexistro Municipal de Parellas de Feíto, para o que aportan a seguinte

documentación acreditativa dos seguintes requisitos:

- a) Ser maior de idade ou menor emancipado
- b) Te-la residencia habitual e figurar empadroadado no Concello de Bóveda

Bóveda a ____ de _____ de 200__